



PARQUE DO CASTRO. VIGO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: variable
Dificultade: baixa
Duración: variable

O monte do Castro é un fermoso enclave natural situado no centro de Vigo que pertencía ao Ministerio da Guerra ata que, en 1934, foi cedido á cidade que o acondicionou para convertelo en parque natural e área de lecer para a veciñanza. Conta con servizos, cafetería, parque infantil, zonas de deporte, áreas de aparcamento e varios miradoiros.

Un lugar no corazón da cidade ao que podemos achegarnos por múltiples motivos: polo seu valor panorámico –desde a súa altura (140 m) abránguense unhas magníficas vistas de Vigo, da súa contorna, a península do Morrazo e a Ría, entre Rande e as illas Cies-, histórico –acolle os restos dun asentamento castrexo (parcialmente excavado e visitable) que estivo habitado entre os séculos III e I a. C. e foi unha das raíces da cidade, e está coroado por un castelo do século XVII, que formou parte do sistema defensivo-; e natural – porque o parque acolle varias especies de árbores, algúns de boa talla e fermoso porte – acacias, cedros, carballos americanos, piñeiros-, e numerosas especies de camelia polo que tamén forma parte da rede de xardíns que conforman a Ruta da Camelia.

Pero tamén podemos achegarnos ao Castro porque sí, porque temos gañas de camiñar ou de correr, dentro da cidade e apartados do seu trafego e da circulación (os numerosos carreiros permiten facer múltiples combinacións e diversificar os percorridos para realizar máis ou menos esforzo en función do noso interese, necesidade ou disposición), tamén podemos achegarnos porque queremos facer algo de exercicio nas áreas habilitadas ou polo sinxelo placer de camiñar por un sitio tranquilo rodeados de natureza, aínda que sexa a natureza domesticada dun parque.



Vista de Vigo desde o Castelo do Castro



Miradoiro dos Galeóns de Rande



Entrada do recinto fortificado do Castro



Asentamento castrexo



Vista da cidade e a ría



Piñeiros bravos (*Pinus pinaster*)




Acacia (*Acacia melanoxylon*)
de 5,06 m de perímetro



Piñeiro de Monterrei (*Pinus radiata*)
de 4,5 m de perímetro.



Cedro do libano (*Cedrus libani*) de 5,5 m de perímetro.



Carballo americano (*Quercus rubra*)
de 4,17 m de perímetro.



Camelia (*Camellia japonica*)

Carballos americanos

